



PLAN DE CONVIVENCIA
IES ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



INDICE

- MARCO LEGAL

- 1. O NOSO CENTRO: CIFRAS E LETRAS.**
- 2. O BARRIO. O TRABALLO EN REDE.**
- 3. RELACIÓN CON OUTROS DOCUMENTOS.**
- 4. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA.**
- 5. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS**
- 6. RESPONSABLES**
- 7. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN**
- 8. PROPOSTAS DE MELLORA E TRABALLO PARA O FUTURO**
- 9. AVALIACIÓN**
- 10. ANEXOS: PROGRAMAS E PROTOCOLOS**



- MARCO LEGAL

- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. BOE, 30 de xullo.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, (BOE de 4 de maio)
- Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia. BOE do 30 de xullo.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade. DOG do 21 de decembro.



1. O NOSO CENTRO:

“Cifras e letras”

Contamos cunha matrícula de aproximadamente 600 alumnos, con 26 unidades e 63 profesores pertencentes a 17 departamentos. Temos tres modalidades de Bacharelato:

Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía e Artes Escénicas, Música e Danza.

Pero, como é o noso centro? En termos xerais,

defínese no PEC como impulsor dun ensino activo e aberto, aconfesional, aínda que respectuoso con todas as crenzas relixiosas así como coa diversidade cultural e ideolóxica.

O INSTITUTO

O ALUMNADO

1º de ESO: 101 alumnos/as.
2º de ESO: 126
3º de ESO: 80
4º de ESO: 90

1º BACHARELATO:100
2º BACHARELATO:106
Total:603

O PROFESORADO:63

26 UNIDADES:

4- 1º de ESO
5- 2º de ESO
5- 3º de ESO (3 grupos e 1 de diversificación)
5- 4º de ESO (4 grupos e 1 de diversificación)
4- 1º de Bacharelato
4- 2º de Bacharelato

Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas



Vexamos algunhas reflexións previas para analízalo máis polo miúdo.

Vivimos nun momento no que a importancia dos **grandes cambios sociais e culturais** fraguados nestes últimos tempos está a influír na práctica educativa:

- Os cambios na **estrutura familiar** xeran tamén cambios nas relacións pais/fillos e nas canles de transmisión cultural.


- A **multiculturalidade** é un reto social que reclama un tratamento curricular: hai que recrear espazos de convivencia pacífica.

- En canto ás modificacións **laborais**, a escola ten a responsabilidade de preparar cidadáns que aprendan autonomamente para poder adaptarse ós cambio laborais: agora o máis importante non é a especialización, senón a capacitación para adaptarse ó mundo do traballo.

- A **revolución tecnolóxica e da información** afecta e modifica a forma de aprender do alumnado, a información estrutúrase de modo diferente e, polo tanto, esixe cuestionar os nosos modelos de ensinanza-aprendizaxe.

As demandas que estes cambios sociais solicitan da escola provocan contradicións e tensións. A sociedade é cada vez máis esixente coa educación, pero sen comprometerse con ela. Ante calquera problema que xurde -drogas, SIDA, anorexia, violencia, accidentes... vóltase a mirada á escola para que o asuma nos seus contidos de ensinanza e atope solucións.

Segundo todo o exposto, algúns dos trazos definitorios do noso centro, poden ser os seguintes:



Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas. Elaboración propia.

1. -O traballo coa convivencia e a cultura da paz

Dos catro coñecidos piares da educación (Informe Delors) é precisamente o de aprender a **convivir** o que ó longo de varios cursos foi un dos eixes (e retos) centrais do noso traballo (PAT, Programación Anual, PROA, grupos de traballo, concursos escolares...)¹.O traballo central en torno ao eixe da **convivencia** leva consigo ter presente o concepto de non discriminación por razón de xénero, raza, crenza, cultura etc. e pretende como obxectivo (aínda que difícil de lograr, pero, non por iso

¹ Plan de Acción Tutorial; PROA: Programa de Apoio a centros de secundaria en zonas de atención educativa preferente



descartable) acadar unha situación de equidade que trate de compensar desigualdades e favorecer a inclusión. Traballar a convivencia é importante porque:

- Ten coma núcleo o ámbito social, e pon énfase na necesidade de comprender aos demais (a súa historia, tradicións, valores...)
- Ensina a desenvolver proxectos comúns.
- Ensina a manexar os conflitos de forma pacífica e non violenta.
- Promove a aprendizaxe cooperativa
- Promove o desenvolvemento social e moral, baseado en valores de aceptación universal como son reflectidos na Declaración dos Dereitos Humanos.
- Promove o desenvolvemento da responsabilidade e a participación activa na vida do centro.
- Procura tamén a cidadanía responsable e activa no propio contorno.

O eixe da convivencia permite ademais, abordar a interconexión entre temas transversais e educación en valores. Nos temas transversais podemos atopar unha vía axeitada para aprender na práctica e na reflexión sobre o mundo que nos rodea. Os temas transversais poden resultar eixes idóneos para organizar o coñecemento escolar, dando ás disciplinas un sentido e unha funcionalidade complementaria á que habitualmente teñen. Neste sentido, potenciar a idea de aprender a vivir xuntos, non é só traballar un tema transversal máis, senón que é o soporte que mellor conecta coa meirande parte dos temas transversais:

- O recoñecemento da igualdade plena nas oportunidades e o rexeitamento á discriminación. Educación para a Igualdade.
- Dereito a unha calidade ambiental, Educación Ambiental
- Dereito a unha vida digna. Educación para a saúde, entre outras.
- Saber e deber participar nas estruturas democráticas. Educación para a Democracia e a Cidadanía.
- O sentimento e acción de axuda ós que o necesitan. Educación para a Solidariedade.
- O respecto e a admiración da diversidade étnica e cultural. Educación Intercultural.
- A aceptación e o respecto polas normas cívicas e cidadáns. Educación Cívico-Vial.



2. - A equidade e a atención á diversidade

A convivencia permite ter tamén no horizonte a idea da **equidade** que está directamente tecida coa resposta que se poda dar **á diversidade**, apostando na medida do posible por un centro non xa integrador senón mesmo inclusivo.

Lembremos que algunhas das notas que caracterizan unha escola inclusiva son:

- seu carácter procesual: facendo camiño ó andar.
- O seu carácter participativo: implicando a toda a comunidade educativa.
- Pon a énfase en traballar no polo oposto, é dicir na exclusión, tratando de erradicala dos suxeitos e grupos que a padezan.
- Fomenta a convivencia como mellor ferramenta.
- Mira ao exterior da escola onde hai que buscar sinerxias cunha comunidade o máis inclusiva posible cara un ideal de sociedade tamén inclusiva.

3.- O enfoque dende a educación intercultural

A situación de partida ten como referente a realidade multicultural do noso centro e do seu entorno. Resulta necesario detectar as diferentes **realidades** culturais e facelas visibles, para que os seus membros poidan atopar na institución escolar referentes propios e lograr un sentido de pertenza ao mesmo.

Son obxectivos da educación intercultural:

- Propiciar actitudes que leven á valoración da gran riqueza que supón a interculturalidade no centro e no entorno.
- Espertar e afondar no interese polo coñecemento e o respecto doutras culturas.
- Propiciar un clima de centro que, baseado na convivencia, entenda a interculturalidade coma un sinal de identidade propia.

Orixinariamente, a *minoría maioritaria* foi o alumnado xitano. Por iso, nosos esforzos centráronse na súa escolarización, asistencia normalizada ó centro e recoñecemento da súa




identidade cultural. Esta dinámica permitiunos que, antes de que a presenza de alumnado estranxeiro fose significativa (chineses, iberoamericanos, árabes...) xa empezáramos a traballar de maneira preventiva.

4.- Centro aberto ao contorno. Traballo en rede: “As reunións de barrio”²



Finalmente, concibimos o centro como un centro **aberto ao contexto no** que destaca o traballo en rede canalizado a través do que chamamos as “reunións de barrio”. O noso centro abre as súas portas a que diferentes entidades desenvolvan programas e actividades nel, facilitando un fluxo constante e dinámico de colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, ONG, Centro Sociocultural...) e implícase nas actividades comunitarias que se desenvolven.

De tódolos trazos sinalados no PEC podemos destacar para o noso PLAN DE CONVIVENCIA estes recollidos na transparencia seguinte:



Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas. Elaboración propia

² Das reunións de barrio falaremos máis adiante, ando nos refiramos ó traballo comunitario en Fontiñas.




2. O BARRIO. O TRABALLO EN REDE.

Considerar ao noso IES como un centro aberto ao contexto fainos destacar o traballo en rede canalizado a través do que chamamos as “reunións de barrio” (a súa orixe remóntase a finais do ano 98; trátase de xuntanzas mensuais de membros das diferentes entidades sociais, educativas, etc.) co obxectivo xeral de mellorar a convivencia no barrio e rentabilizar os recursos existentes, creando un entramado fortemente tecido.

As seguintes gráficas recollen as características do barrio. En canto a datos de poboación, é preciso destacar a importante presenza do colectivo infanto-xuvenil e o progresivo envellecemento da poboación, que conta ademais cun grao importante de minusvalías (propiciado polas instalacións adaptadas dos edificios).

Ademais, destacamos a súa diversidade social, cultural, étnica...considerada esta diversidade como potencialidade, pois traballada adecuadamente favorece unha **convivencia positiva** e enriquecedora.



Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas e UTS Fontiñas; elaboración propia.




En canto á forma habitual de traballar queda reflectida nestas figuras.

Traballan coordinadamente: Servizos Sociais, Centros Educativos, Policía, UMAD Unidade municipal de atención ás familias, Centro de Saúde de Fontiñas, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, Cáritas Parroquial das Fontiñas, Programa de atención a familias monoparentais Abeiro, Centro de día “Arela”, Programa municipal de Educación de Rúa, Asociacións de pais e nais, de veciños, culturais, ONG, Centro Sociocultural das Fontiñas, Igaxés, Chavós (desaparecida na actualidade).



Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.



Fonte: Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas e UTS Fontiñas

Nelas vemos como a coordinación e a comunicación son claves necesarias para o seu funcionamento, pero respectando as competencias e funcionalidade de cada entidade.



3. RELACIÓN CON OUTROS DOCUMENTOS

- PEC
- PLAN DE ORIENTACIÓN
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- NORMAS DE CONVIVENCIA (ANTIGO RRI)

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

Fixéronse no pasado diversas sondaxes. Por exemplo cos cuestionarios dos programas de Habilidades Sociais, cos cuestionarios do proxecto Comenius “Participación democrática e cidadanía activa no centro e no contorno”. Non obstante, imos partir das análises feitas o dende a Xefatura de Estudos:

En 1º de ESO, aproximadamente un 40 % das intervencións están determinadas por desconsideracións a compañeiros que, en moitas ocasións, teñen orixe en presuntos agravios xerados durante Primaria. Ademais, unha gran parte dos menosprezos fundaméntanse en comentarios sobre o aspecto físico das vítimas.

Por outra banda, Un 30% das intervencións teñen a súa orixe na falta de atención durante as clases. En torno ao 20% dos incidentes están relacionados con desconsideracións ao profesorado (desobediencias leves e negativas a realizar o traballo de clase).

En 2º de ESO, as desconsideracións e desobediencias a profesores constitúen aproximadamente o 60% das intervencións dende Xefatura de Estudos. Diminúen significativamente os problemas relacionados con desconsideracións a compañeiros. As faltas de orden en corredores (berros, portazos...) e outros motivos (abandono inxustificado do centro) supoñen o resto das incidencias.

En 3º de ESO, a ampla maioría das incidencias refírense a desconsideracións ao profesorado. Diminúen notablemente as intervencións relacionadas con desconsideracións a compañeiros e cando se producen, son nun plano de *igualdade*, sendo motivadas



principalmente por celos de amizades e amores. Comezan a manifestarse, neste nivel, problemas de absentismo.

En 4º de ESO, prodúcese unha notable diminución das incidencias en xeral. Seguen producíndose algunhas desconsideracións a profesores, protagonizadas na súa maioría por alumnado que procede de outros centros e se incorporan en 3º ou 4º de ESO. Unha porcentaxe elevada das incidencias neste nivel está relacionado co abandono inxustificado do centro principalmente nos recreos e, ás veces, tamén en horas intermedias.

Aparece un novo tipo de incidencia relacionado co uso das redes sociais. Insultos, ameazas e manipulación de fotografías.

En BACHARELATO, non existen practicamente incidencias.

Dedúcese, pois, a necesidade de actuar, para mellorar o cando menos conter estas incidencias, propoñendo obxectivos como: favorecer os valores e principios nos que se sustenta a convivencia democrática, interiorizar as normas básicas de convivencia, mellorar a comunicación e as habilidades sociais, traballar na prevención, aplicar estratexias pacíficas de resolución de conflitos...

Na seguinte táboa quedan recollidas as situacións conflictivas do presente curso (2011-2012) ata o momento, indicando o número de casos. (Emprégase o formato que dende a Consellería de Educación se pide aos centros).

Incidencias relacionadas cos tarefas escolares	85
Incidencias relacionadas co profesorado	42
Incidencias relacionadas con conflitos entre o alumnado	19
Casos de acoso	0
Expedientes disciplinarios	5
outros	

Tamén como punto de partida, débense ter en conta os **aspectos positivos** como potencial de traballo:

- Alumnado, en xeral, respectuoso e correcto no trato diario.
- Alumnado que responde cun alto grao de participación nas actividades propostas.
- Alumnado solidario nas campañas realizadas.



- Alumnado colaborador e implicado en proxectos como Clubs de Lectura, Equipo de Mediación, Axudantes de Biblioteca, etc.
- Profesorado implicado en moitas actividades, proxectos, saídas educativas que redundan na innovación dos procesos de ensino e aprendizaxe, na mellora da convivencia, na integración das TIC, etc.
- Familias moi colaboradoras co centro, frecuentemente a través da ANPA, que amosa ser activa e dinámica. Diversas actividades de *Escola de Pais e Nais* en temas relacionadas coa convivencia.
- Entidades sociais e culturais do contorno dispostas sempre a colaborar nos programas que se desenvolven no centro, así como a por en marcha os dispositivos necesarios para atender situacións multiproblemáticas que exceden as competencias unicamente escolares.

5. PRINCIPIOS E OBXECTIVOS

PRINCIPIOS

- É preciso partir da idea de que os conflitos son algo inherente ó ser humano e que a mellora da convivencia está en relación directa coas capacidades e competencias desenvoltas, para afrontar a resolución pacífica dos mesmos
- A convivencia non é un aspecto a desenvolver en paralelo aos procesos educativos de ensino e aprendizaxe, senón en constante mestura con eles.
- Desenvolver a competencia social e cidadá supón traballar na procura de lograr un dominio de habilidades emocionais e de comunicación.
- Un bo clima de centro pasa por conseguir a implicación de toda a comunidade educativa.
- A difusión do presente plan de convivencia dando a coñecer á comunidade educativa a información necesaria é un principio necesario para favorecer a súa implementación.



Serán OBXECTIVOS deste plan de convivencia:

1. Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa. Darlle pulo á mellora da comunicación e das habilidades socio-emocionais entre os diferentes membros da comunidade escolar para favorecer as relacións entre eles.
2. Facilitar a integración (no sentido inclusivo da palabra e non de simple asimilación) de todo o alumnado, respectando as diferentes situacións de diversidade que amosen.
3. Favorecer o sentimento de pertenza ao centro educativo de todo o alumnado sen discriminación por razón de sexo, idade, crenza, cultura...
4. Traballar na liña de previr os conflitos así como de dotar aos membros da comunidade educativa de ferramentas de resolución pacífica dos mesmos.
5. Favorecer canles de comunicación e seguridade entre o alumnado ante os casos de acoso para ser quen de expresar e denunciar a situación e pedir axuda
6. Aproveitar as diversas situacións que se producen no curso escolar para que o centro sexa un espazo aberto ao diálogo e aberto a unha relación colaborativa co entorno.
7. Mellorar a coordinación docente.
8. Reducir os casos de absentismo escolar.
9. Diminución do número de partes de incidencia.
10. Fomentar a implicación das familias.

Estes obxectivos implican ser desenvoltoos ao longo do tempo e mesmo incidir nalgúns deles cada curso escolar, para concentrar os esforzos e actuacións.



6. RESPONSABLES:

RESPONSABLES	ACTUACIONES
PROFESORADO E TITORES	<ul style="list-style-type: none"> - ACCIÓN TITORIAL. - PAT. - CORRESPONSABILIZARSE NA MELLORA DO CLIMA DO CENTRO.
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - PARTICIPACIÓN DEMOCRÁTICA NA VIDA DO CENTRO. - CORRESPONSABILIZARSE NA MELLORA DO CLIMA DO CENTRO. - OUTRAS FUNCIONES MÁIS ESPECÍFICAS: XUNTA DE DELEGADOS, EQUIPO DE MEDIACIÓN...
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - CORRESPONSABILIDADE COAS FAMILIAS NA EDUCACIÓN DO ALUMNADO E NA MELLORA DO CLIMA DO CENTRO. - ESCOLA DE PAIS E NAIS
OBSERVATORIO PARA A CONVIVENCIA	<ul style="list-style-type: none"> - COORDINACIÓN E SEGUIMENTO
EQUIPO DIRECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - COORDINACIÓN E SEGUIMENTO
PROFESIONAIS DE ENTIDADES COLABORADORAS	<ul style="list-style-type: none"> - IMPLEMENTACIÓN DE DIVERSOS PROGRAMAS





7. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

Dado que moitos dos programas e actividades xa están en marcha, propoñemos como LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Continuar cos programas iniciados
- Proceder á difusión do Plan e dos programas a el asociados
- Creación (cando proceda) de protocolos que recollan os rituais de incorporación e traballo para os diferentes programas.
- Desenvolvemento da aula de convivencia (dotada de contido, actividades, protocolos...)
- Buscar sinerxías cos outros proxectos e programas do centro (Biblioteca, Dinamización Lingüística...)

8. PROPOSTAS DE MELLORA E TRABALLO PARA O FUTURO

Darlle pulo aos programas de acollida.

Colaborar coas actividades de escola de pais e nais que se poñan en marcha.

Mellorar o clima de aula: grupos heteroxéneos de aprendizaxe cooperativa.

Normas de aula integradas e interiorizadas.

Maior coordinación docente.

Aula de convivencia

9. AVALIACIÓN

Farase a través dunha valoración cualitativa e cuantitativa.

- A través do cómputo de incidencias dende a Xefatura de Estudos e a valoración das mesmas.
- A través das intervencións de mediación realizadas.
- A través da cantidade e calidade de programas e proxectos relacionados coa convivencia levados a cabo
- Cada programa ou proxecto poderá ter a súa avaliación específica



10. PROGRAMAS. VER ANEXOS

Protocolos. VER ANEXOS:

1. CUESTIONARIOS CONVIVENCIA
2. CUESTIONARIOS ACOSO
3. PROTOCOLOS AULA DE CONVIVENCIA
4. PROTOCOLO DERIVACIÓN PROGRAMA MELLORA
5. PROTOCOLOS MEDIACIÓN
6. PROTOCOLOS ABSENTISMO